

## PEZA DO MES

xaneiro

2022

---



**ALBARELO DA FARMACIA DO COLEXIO  
SANTIAGO APÓSTOLO S. I. DE MONTERREI  
(OURENSE)**

## Albarelo da farmacia do colexio Santiago Apóstolo S. I. de Monterrei (Ourense)

Un dos logros que a Compañía de Xesús achegou ao mundo foi dotalo dunha rede de farmacias, algo impensable naquel momento, que se orixina nos séculos XVI - XVIII, e conxuga a «medicina verde» (raíces, follas, resinas) coa teórica de libros de autores clásicos, coma Dióscorides e Galeno. Cando San Ignacio fundou, en 1555, a farmacia foi na casa de *Torre Rossa*, en Roma. O seu primeiro médico e boticario foi Baltasar de Torres, natural de Medina del Campo (1518) quen posteriormente ingresou na Compañía. Foi médico do Vicerrei de Sicilia e faleceu en Nápoles en 1561.

O mantemento da saúde estaba no pensamento ignaciano, en principio, para a propia comunidade e, posteriormente, para a cidadanía. Moitos colexios en España, Italia, Francia, América e Asia, contaron con farmacias que se situaban preto das portas de entrada para poder atender o público.

É difícil saber cando se instalaram as farmacias. Seguramente na segunda metade do século XVII. Na visita de 1613 do P. Alonso Carrillo á Provincia de Castela non as cita, sendo un home moi meticuloso. A botica de Santiago foi creada en 1662; a do colexio Imperial de Madrid en 1670 e a de Salamanca, en 1740.

Os boticarios aprendían o oficio de copiar receitas e de estar na farmacia cos máis doutos. Consérvase un manual, publicado en Zaragoza en 1662, feito polo xesuíta Miguel Martínez de Leache, boticario do colexio de Tudela. Ademais, intercambiábanse saberes e boticarios entre colexios. Houbo na Compañía verdadeiros xenios en farmacia e medicina. Esta faceta, practicamente descoñecida, sorpréndenos nas súas bibliotecas científicas (que había nas farmacias); nos botames (conservados no Museo Nacional da Farmacia e Deputación de Valladolid); ou nos libros que publicaron os propios xesuítas sobre receitas médicas e herbarios.

Esta peza é, *ex ungle, leonem*, un signo do que foron os xesuítas no mundo farmacéutico. En todos os colexios de Galicia –Monterrei, Monforte de Lemos, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e A Coruña– había farmacias. Ademais de servir a súa comunidade, atendían as poboacións próximas e a outras comunidades relixiosas (a de Ourense, a de Santo Estevo de Ribas do Sil, dominicos da cidade

e clarisas de Allariz). Temos que pensar que en abril de 1767, cando Carlos III expulsa a Compañía de Xesús de España e os seus dominios, esta rede farmacéutica mundial se pecha, e a poboación queda sen asistencia farmacéutica. O último boticario de Monterrei foi o irmán coadxutor Agustín del Frago, que saíu para o exilio italiano dende A Coruña en abril de 1767. Morreu en Roma en 1808.

As farmacias dos xesuítas integraron as drogas americanas e filipinas na medicina tradicional. Así, das illas (Santo Domingo e Porto Rico), traían xenxibre; de Terra Firme, a quina; de Nova España, «jalapa», zarzaparrilla, aceite de María, bálsamo, «mechoacán», «contrayerba», entre outras.

Esta peza do Museo é única por varias razóns: primeiramente, porque é a única conservada da botica de Monterrei; en segundo lugar, non se conserva outra en Galicia; e terceira razón, porque forma parte dunha iconografía propia, que teñen outras farmacias do resto de España, co escudo da Compañía de Xesús. Este albarelo chegou ao Museo Arqueolóxico en xaneiro de 1905. Ten de alto 28 cm e de boca 10 cm de diámetro. O pé amosa vincas indicadas. No campo está o escudo co anagrama da Compañía de Xesús con inscrición (IHS), cruz e tres cravos. Arriba hai unha coroa e lambrequíns.

A cerámica é de tipo Talavera, con escudos en azul cobalto que destacan sobre o branco estannífero. Dicimos, *tipo*, porque non debemos esquecer que Hernando de Loisa, talaverán, cando se instalou en Valladolid, en 1570, fabricou máis de 200 tarros desta factura para a antiga botica do noviciado de Vilagarcía de Campos (Valladolid). Algúns levan cartelas, noutros borráronse. A razón deste éxodo de oleiros de Talavera a Valladolid é lóxica. Fabrican *in situ* e na maneira que coñecen e saben; así aforran os portes e roturas de pezas no camiño. Os oleiros de Talavera inician un preito contra os trasladados «*porque fabrican del mismo modo que nosotros*». Un pouco, o que hoxe chamamos, a denominación de orixe.

O bote non ten selo de fábrica, e tampouco o leva ningún dos que se conservan co escudo da Compañía de Xesús no Museo Nacional da Farmacia, segundo nos informou amablemente a súa conservadora Dña. Alejandra Gómez Martín.

Grazas aos inventarios exhaustivos das farmacias (1769-1771), que se fixeron posteriormente á expulsión da Compañía, sabemos como estaban

dotadas. Xeralmente, os botes non tiñan letreiros e o mestre boticario ía abrindo os botes e dicindo o que había dentro e o notario anotaba. Todo estaba absolutamente ordenado, como unha biblioteca, pos en papeis dentro de caixóns; sementes, xaropes, alcohois, destilados, etc. O groso dos produtos, estaban perdidos e as hortas con plantas medicinais, abandonadas.

Ademais de recipientes cerámicos, habíaos de vidro (botes), latón (xiringas), cobre (bañeiras, para baños de auga e area e alquitaras), barro (o do colexio de Ourense tiña pezas de Niñodagua) e alabastro (morteiros) así como pans de ouro e prata (para recubrir as pílulas). Os xesuítas foron os grandes impulsores da hidroterapia e chegaron a publicar libros sobre certas fontes (Tamames-Salamanca, o P. Francisco de Isla). Nos despachos de farmacia, vivían, alleos á comunidade, os boticarios. Tiñan a súa cociña, biblioteca e a cama, por se chamaba alguén poder atender rápido, sen molestar o resto da comunidade. E, a maiores, un horto botánico con plantas medicinais. Curiosamente, a farmacia de Granada, tiña entre 1761 e 1765, 6,90 kg de té. Seguramente nas hortas dos colexios de Galicia e Portugal había plantas de «*camellia sinensis*» que enviaban a outros colexios. Estamos ante un dobre feito, os xesuítas como importadores de camelias e expansores do consumo do té.

Facían preparados, simples e complexos, destilados, xaropes e incluso en Villagarcía de Campos, crecepelo. Os produtos que almacenaban eran do máis variado, segundo consta nos inventarios: aceites, augas, bálsamos, cascaas, enxunllas, extractos, flores, froitos, gomas, fariñas, herbas, follas, infusións, xaropes, minerais, partes de animais (marfil, corno unicornio), pedras, pílula, pos, raíces, sales, sementes, unguentos, etc.

Os xesuítas deron a coñecer a Europa uns novos fármacos antitérmicos descoñecidos empregados polos indíxenas. Importaron e usaron en Europa, dous. De Filipinas chegaron as *Habeas Ignatii* e o outro de América, a quina. Da primeira deu a nova o xesuíta austríaco, Georg Josef Kamel, que a denominou *Strychnos Ignatii* (faba de santo Ignacio), vulgo estricnina. Escribiu este xesuíta, uns herbarios das illas de Luzón, que publicou en 1704, J. Ray. A Kamel débelle a botánica o dar a coñecer o xénero *Camellia*. Da América amazónica deron a coñecer a «*yerba ponzoñosa*», o curare; e das Misións Guaranís, o mate.

O elenco de xesuítas farmacéuticos é enorme. Algúns deles escribiron e publicaron obras científicas. Citamos entre outros os pais e irmáns coadxutores José de Acosta, *Historia Natural de las Indias*; Bernabé Cobo, *Historia del Nuevo Mundo*; Juan Eusebio Nieremberg, *Historia naturae, maxime peregrinae*; o galego Pedro de Montenegro, *Materia médica misionera*; Johanness de Steinhöffer, *Florilegio medicinal*; José Sánchez Labrador, *El Paraguay Natural Ilustrado*. Foron os xesuítas quen converteron os saberes botánicos dos indíxenas, ágrafos, en cultura escrita e os difundiron polo mundo en libros impresos ou manuscritos, como os que fixo o coruñés Pedro de Montenegro sobre plantas en Misións Guaranís. Na páxina esquerda, o texto comentando a planta e as súas aplicacións, e na dereita un debuxo da planta.

Déronlle nomes aos xéneros de plantas Bernabé Cobo, Juan Eusebio Nieremberg, Georg Kammel, Gaspar Juárez (introdutor dos cacahuetes en Europa), Juan Ignacio Molina: *Cobaea*, *Nierembergia*, *Camellia*, *Xuarezia* e *Molinae*.

Tarros como o que aquí estudamos consérvanse no Museo Arqueolóxico de Valladolid, Museo Nacional de Farmacia-Universidade Complutense, Museo de Vilagarcía de Campos e farmacia de Villarejo de Fuentes.

Son símbolos do que foron as farmacias, que despois caeron en abandono, con algunha excepción, como parte da de Vilagarcía de Campos, que trasladaron ao Hospital de Toro (Zamora) en 1771.

Como lle contaba o P. Sarmiento ao seu irmán Francisco Javier: «*sin ciencia, sin átamos, sin libros, etc ... sin saber un átomo de los verdadera medicina, que sólo comprensivo conocimiento de las virtudes de todos los mixtos en quienes Dios depositó los remedios (...) Ningún librero de Madrid quiere comprar libros de medicina, pues no hallan a quien venderlos*».

Nesa rede de farmacias todos os de Galicia, Bilbao, Palencia, Salamanca, en Aragón, Gandía, Zaragoza, Huesca; en Toledo, Noviciado e Imperial de Madrid, tiñan bibliotecas específicas. Curiosamente, a de Ourense era a máis grande da Provincia de Castela, 72 títulos; fronte a Burgos, 14; Palencia, 14; Salamanca, 33 e Vilagarcía de Campos, 49.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Justo Carnicero Méndez-Aguirre

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco